

**ACTA Nº 5/2010**

**CONCELLO DE PARADELA**

**PROVINCIA DE LUGO**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E DOUS DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZ.**

En Paradelá, a vinte e dous de setembro de 2010.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as doce horas e cinco minutos, réunese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. ROBERTO DÍAZ LUACES
- D<sup>a</sup> SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO.
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. MANUEL LÓPEZ PÉREZ
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> TERESA VEIGA RODRÍGUEZ
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> MONTSERRAT MULET SAR
- D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ

Non asisten á Sesión o Sr. Concelleiro: D. JESÚS LÓPEZ TABOADA, que informou a Secretaría, xustificando a súa ausencia na Sesión Plenaria.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

**1º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 28 DE XULLO DE 2010.**

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 28 de xullo de 2010, da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 28 de xullo de 2010.

O resultado foi de aprobación por unanimidade dos dez Concelleiros que asiten a sesión plenaria, sendo once o número legal de membros que conforman a Corporación Municipal.

## **2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.**

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucions de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

## **3º. CENTRO RESIDENCIAL E DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES DE PARADELA.**

O Sr. Alcalde inicia a súa exposición, dicindo que tras os acordos aos que se chegou coa Consellería, e unha vez visitados os terreos polos técnicos da mesma, emitindo un informe favorable acerca da idoneidade da parcela, procede seguir coa tramitación necesaria para a compra dos terreos e a súa posterior cesión á Xunta para a construción do Centro Residencial e de Día; sendo preceptiva a modificación de crédito correspondente e a concertación da operación de préstamo a longo prazo, que permita a existencia de crédito e Tesouraría para facer fronte á compra dos terreos.

O Alcalde asemade fai lectura do Informe emitido polo arquitecto municipal, relativo á valoración dos terreos.

Toma a palabra o portavoz do Grupo Municipal Socialista, Sr. Díaz Luaces, preguntando se os 7.000 metros aos que fai referencia o periódico, son entón un erro.

O Sr. Alcalde resposta que son os case 4.000 metros aos que se fai referencia no informe, aquela cantidade era a inicial antes de que se producira a venda de parte dunha das parcelas a un particular.

O Sr. Díaz Luaces, pregunta se é posible esixir cen prazas, en canto das sesenta previstas.

O Sr. Alcalde resposta que a Xunta viu a edificabilidade da parcela, quedando terreos para poder ser ampliada, se fose o caso, destacando que é moito o acadado xa que supón unha inversión duns tres millóns e pico de euros e a creación de vinte e cinco ou trinta postos de traballo.

### **3.1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N° 15/2010, PRIMEIRO BAIXO A MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO.**

En relación co terceiro punto da orde do día, o Presidente deu conta aos asitentes da tramitación de expediente de modificación de crédito n° 15/2010, primeiro baixo a

### FOLLA N° 3

modalidade de crédito extraordinario, para dar cumprimento o establecido no art. 20.7 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, unha vez entrado en vigor o orzamento xeral para o exercicio 2010, aclarando o importe e finalidade do mesmo así como os trámites levados a cabo e o seu contido.

O Sr. Alcalde procede a lectura da proposición, co seguinte contido:

“Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, resultando o crédito inicial insuficiente e non podendo ser obxecto de ampliación, motivado, na necesidade de compra dos terreos onde se emprazará a Residencia e Centro de Día para Maiores no Concello para a súa posterior cesión á Xunta de Galicia, mías concretamente á Consellería de Traballo e Benestar para a construción das referidas edificacións, sendo necesaria a habilitación de crédito, xa que no momento de aprobación do orzamento non se coñecía o compromiso por parte da Administración Autonómica de levar a cabo a construción Residencia e Centro de Día para Maiores no Concello, ao abeiro do Informe sobre a visita cursada o 5 de agosto de 2010, relativa á idoneidade dunha parcela para a creación nela dun Centro Residencial e de Día para persoas maiores, en Pacios Concello de Paradela emitido pola Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar en data 9 de agosto, e con entrada no Rexistro do Concello en data 12 de agosto de 2010.

En base ao expresado anteriormente, non existindo créditos inicial para facer fronte ao compromiso expresado, faise necesario tramitar o oportuno expediente de crédito extraordinario de acordo co previsto no art. 177 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que se financiará con cargo ao créditos procedentes de operación de crédito.

Desta forma propónse realizar unha modificación do orzamento, baixo a modalidade de crédito extraordinario, por importe de 191.487,59 euros, co seguinte detalle:

#### Altas en Partidas de Gastos

Partida		Descripción	Euros
Funcional	Económica		
Área Gasto	Artículo		
2	60	Actuacións de protección e promoción social. Inversión nova e infraestructuras e bens destinados ao uso xeral.	191.487,59
<b>TOTAL GASTOS</b>			<b>191.487,59</b>

Esta modificación financiase de entre os medios sinalados no art. 177.4 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

#### Alta en Partida de Ingresos

Partida	Descripción	Euros
Económica		
Cap. Art. Concepto		
911	Pasivos financeiros. Amortización de préstamos a longo prazo de entes do sector público.	191.487,59
	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>191.487,59</b>

En base a normativa citada, e ao informe emitido pola Secretaría Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte Proposta:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 15/2010, segundo de competencia de Pleno e primeiro baixo a modalidade de crédito extraordinario financiado con cargo á concertación dunha operación de crédito a longo prazo, de acordo co seguinte resume por capítulos:

<b>ESTADO DE GASTOS</b>	
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
A) GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO I: Gastos de Persoal	415.312,96
CAPÍTULO II: Gastos en Bens Correntes e Servizos	392.977,00
CAPÍTULO III: Gastos Financeiros	3.000,00
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes	29.000,00
B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL	
CAPÍTULO VI: Inversións Reais	407.487,59
CAPÍTULO VII: Transferencias de capital	0,00
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros	31.210,04
<b>TOTAL:</b>	<b>1.278.987,59</b>

<b>ESTADO DE INGRESOS</b>	
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
A) INGRESOS POR OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO I: Impostos Directos	280.267,34
CAPÍTULO II: Impostos Indirectos	50.000,00
CAPÍTULO III: Taxas e outros Ingresos	119.000,00
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes	581.000,00
CAPÍTULO V: Ingresos Patrimoniais	3.000,00
B) INGRESOS POR OPERACIÓN DE CAPITAL	
CAPÍTULO VI: Enaxenación inversións reais	6.000,00
CAPÍTULO VII: Transferencias de Capital	48.232,66
OPERACIÓN FINANCEIRAS	
CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	
CAPÍTULO IX: Pasivos financeiros	191.487,59
<b>TOTAL:</b>	<b>1.278.987,59</b>

**SEGUNDO.-** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

En Paradela, a 10 de setembro de 2010. O Alcalde, Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Procédese á votación, co resultado de aprobación por unanimidade dos dez Concelleiros que asiten a sesión plenaria, sendo once o número legal de membros que conforman a Corporación Municipal.

### **3.2. CONCERTACIÓN, SE PROCEDE, DE OPERACIÓN DE CRÉDITO A LONGO PRAZO.**

O Sr. Alcalde-Presidente, comeza dicindo que a concertación da operación é posible debido ao aforro positivo e ao saneado que está o Concello, cumpríndose todos os condicionados e ratios que marca a normativa aplicable.

Pon de manifesto que hai un crédito que vence en xaneiro, polo que a amortización a que vai ter que facer fronte o Concello, a partir do ano que ven será máis ou menos a mesma que se viña realizando ata agora.

Procede a dar lectura a seguinte proposta:

“Sendo necesario concertar unha operación de préstamo para o financiamento de determinada operación de inversión, de forma urxente, debido á necesidade de compra dos terreos onde se emprazará a Residencia e Centro de Día para Maiores no Concello para a súa posterior cesión á Xunta de Galicia, máis concretamente á Consellería de Traballo e Benestar para a construción das referidas edificacións, sendo necesaria a habilitación de crédito, xa que no momento de aprobación do orzamento non se coñecía o compromiso por parte da Administración Autonómica de levar a cabo a construción Residencia e Centro de Día para Maiores no Concello, o Alcalde-Presidente propón a Corporación.

**PRIMEIRO.-** Concertar a operación de crédito a longo prazo por un importe de 191.487,59 euros cun prazo de doce anos e tres meses de carencia; para a compra dos terreos onde se emprazará a Residencia e Centro de Día para Maiores no Concello.

**SEGUNDO.-** Solicitar propostas as seguintes Entidades para a referida operación: Caixa Galicia oficina de Paradela, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria de Paradela e Banco de Crédito Local de Lugo, segundo as seguintes condicións:

- Tipo de Xuro: euribor a tres meses máis diferencial, sobre o capital efectivamente disposto.

## FOLLA N° 6

- Comisión de apertura, dispoñibilidade e cancelación: inexistentes. Non se admitirán ofertas que conteñan comisións de apertura, dispoñibilidade e cancelación, tanto definitiva coma parcial.
- Gastos complementarios: 0.
- O documento non será intervenido polo Corredor de Comercio, senón pola Secretaría-Intervención do Concello.
- O prazo para presentar propostas: sete días hábiles contados a partir da recepción da invitación, no rexistro xeral do Concello, sito en Rúa Cabaleiros de Santiago, núm. 15, de 9.00 a 14:00 horas, quedando a disposición das citadas entidades financeiras, dende o momento da remisión das invitacións, nas dependencias da Secretaría-Intervención, certificación da débeda viva a corto e longo prazo e a liquidación correspondente ao exercicio 2009.

TERCEIRO.- Delegar na Alcaldía, a competencia para concertar a operación coa Entidade que presente a oferta máis vantaxosa dende o punto de vista económico e financeiro.

A estes efectos, recibidas as solicitudes e pechado o prazo de presentación de ofertas, a Secretaría-Intervención, formulará proposta de adxudicación, en base ao informe emitido polo mesmo sobre as ofertas recibidas.

CUARTO: Autorizar ao Alcalde-Presidente para realizar a firma de cantos documentos sexan precisos para concertar a operación.

En Paradela, a 8 de setembro de 2010. O Alcalde, Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Procédese á votación, co resultado de aprobación por unanimidade dos dez Concelleiros que asiten a sesión plenaria, sendo once o número legal de membros que conforman a Corporación Municipal.

### **4º APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN DE CONSERVACIÓN DO ESPAZO NATURAL DE INTERÉS LOCAL (ENIL) “LOIO-RUXIDOIRA”.**

O Sr. Alcalde comeza dicindo que o que se pretende facer e a conservación medioambiental, dos usos tradicionais, de apoio a biodiversidade, e a recuperación dos recursos naturais e patrimoniais, entre outros.

A normativa marca unha serie de formalidades e o que se pretende con este Plan, ademáis dos xa citados, é defender os usos e establecer as prohibicións no ámbito do espazo.

A continuación, procédese a dar lectura a proposta de Alcaldía:

“Con data 23 de maio de 2005, publicouse no DOG por parte da Consellería de Medio Ambiente o Decreto 124/2005, de 6 de maio, polo que se regula a figura de espazo natural de interés local e a figura do espazo privado de interés natural.

## FOLLA N° 7

No mesmo establécese que por parte dos Concellos se presentarán as propostas de declaración de espazos naturais de interese local co fin de poder declarar como espazos naturais de interese local aqueles espazos integrados no termo municipal, que polas súas singularidades sean merecedoras dalgún tipo de protección dos seus valores naturais.

En data 30 de xullo de 2008, o Pleno do Concello en sesión ordinaria, acordou a aprobación da proposta da declaración de ENIL Loio-Ruxidoría, comprometéndose formalmente a por en práctica as medidas precisas para a conservación dos valores naturais que motivan a declaración, así como de elaborar o correspondente plan de conservación e uso público deste espazos.

Por parte da Consellería de Medio Rural, Resolución de 22 de xaneiro de 2010, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, procedeuse a someter a exposición pública a proposta de declaración do ENIL.

Vistas as alegacións presentadas e incorporados os informes emitidos polas diferentes Administracións e Organismos Públicos, resultantes da exposición pública da Declaración Provisional do ENIL, redactouse o documento de xestión, é dicir, o Plan de Conservación do Espazo Natural de Interese Local “Loio-Ruxidoira”, introducindo as correccións correspondentes.

Coa finalidade de continuar coa tramitación do ENIL, por parte desta Alcaldía propónse ao Pleno a adopción do seguinte,

### ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar ao Plan de Conservación do Espazo Natural de Interese Local “Loio-Ruxidoira”; que incorpora o resultado dos informes e alegacións realizadas no período de exposición pública da proposta de Declaración do ENIL; ao fin de proceder á Declaración Definitiva do Espazo Natural de Interese Local “Loio-Ruxidoira” por Orde do Conselleiro e a aprobación do Plan de Conservación polo Consello da Xunta de Galicia mediante Decreto.

SEGUNDO: Remitir o presente acordo á Consellería de Medio Rural – Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

En Paradela, a 9 de setembro de 2010. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Procédese á votación, co resultado de aprobación por unanimidade dos dez Concelleiros que asiten a sesión plenaria, sendo once o número legal de membros que conforman a Corporación Municipal.

### **5º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO ARTIGO 15 DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO DE TURISMO RIBEIRA SACRA.**

En data 9 de agosto de 2010, ten entrada no Rexistro do Concello (Rex. núm 961), comunicación do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, instando aos Concellos que forman parte do mesmo, a aprobar en Pleno, a modificación do artigo 15 dos Estatutos deste Consorcio, aos efectos de dar cumprimento ao artigo 143.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local Galega.

## FOLLA N° 8

O obxecto da modificación, refírese á situación na que se atopan as funcionarias que exercen os postos de Secretaría e Intervención, tendo en conta que rematou o P.D.T. e as traballadoras non cobran os seus respectivos salarios dende setembro, por falla de medios económicos, xa que o Consorcio financíase coas achegas dos concellos e isto non é suficiente para soste-lo dous postos, en acumulación, e moito menos en parza libre.

É polo que se propuso a modificación da RPT do Consorcio, o que implica a modificación dos Estatutos, se solicite á Consellería competente a autorización para que se anulen estas prazas e se cree a de Secretaría-Intervención en réxime de acumulación, aos efectos de minimizar os custos e reducir gasto, por non ter medios económicos para o finazamento dos dous postos.

O artigo 15 dos Estatutos quedará redactado do seguinte xeito: “As funcións de secretaria e intervención do Consorcio serán exercitadas por habilitado/a estatal. Solicitarase do órgano competente da Xunta de Galicia que exista só a praza de Secretaría-Intervención, en réxime de acumulación”.

Procédese á votación, co resultado de aprobación por unanimidade dos dez Concelleiros que asiten a sesión plenaria, sendo once o número legal de membros que conforman a Corporación Municipal.

### **6º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE AS LIQUIDACIÓNS NEGATIVAS CORRESPONDENTES Á PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO DO ANO 2008.**

Procédese neste punto da orde do día, a lectura da Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular relativa as liquidacións negativas correspondentes á Participación nos Ingresos do Estado do ano 2008, co seguinte tenor literal:

“O Ministerio de Política Territorial ven de facer públicos os datos relativos á liquidación da Participación das entidades locais nos Ingresos do Estado correspondentes ao exercicio 2008.

As cantidades que teñen que devolver as entidades locais como consecuencia da liquidación do ano 2008 ascenden a 106.284.655,29 €.

No caso do Concello de Paradela o importe a devolver ascende a 398,71 €.

Esta situación produciuse como consecuencia da falla de previsión do Goberno de España, presidido polo Sr. Rodríguez Zapatero que, empeñado en negar as consecuencias da crise económica, presentou no ano 2008 uns orzamentos cunhas previsións de ingresos que estaban moi lonxe da realidade.

Agora, no peor momento da crise económica e ó tempo que experimentan unha notable baixada dos seus ingresos, as Comuniades Autónomas e as Corporacións Locais vense obrigadas á devolución de importantes cantidades como consecuencia dos erros do goberno do Sr. Rodríguez Zapatero.



A esta situación hai que engadir que o Goberno de España continúa incumprindo o seu compromiso de abordar a reforma do financiamento local para garantir o principio de suficiencia das facendas locais.

Por todos os motivos expostos, o Grupo Municipal do Partido Popular propónlle ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

**ACORDOS:**

1.- Dirixirse ao Ministerio de Política Territorial do Goberno de España para solicitarlle que deixe sen efecto a liquidación negativa correspondente á Participación nos Ingresos do Estado do ano 2008 ou que, no seu defecto, se adíe o pagamento da cantidade a devolver ata que exista un crecemento económico por riba do dous por cento anual nun prazo de dez anos.

2.- Dirixirse ao Ministerio de Política Territorial para que Goberno de España adopte unha medida tendente a garantir que os ingresos que percibirán as entidades locais durante o ano 2011 en concepto de Participación nos Ingresos do Estado non sexan inferiores que os que veñen percibindo durante o ano 2010, tal e como ten realizado a Xunta de Galicia co Fondo de Cooperación Local durante o ano 2010”.

Procédese a someter a votación, a Moción, que resulta aprobada pola maioría absoluta do número legal de membros, cos votos a favor do seis membros do Grupo Municipal Popular e a abstención dos catro membros do Grupo Municipal Socialista.

Antes de pasar o punto de rogos e preguntas, presentouse unha Moción por parte do grupo municipal do Partido Popular por vía de urxencia, en relación co P.E.I.M. Rural 2009/2010.

Procédese á votación da urxencia, que resulta aprobada pola unanimidade dos dez Concelleiros que asiten a sesión plenaria, sendo once o número legal de membros que conforman a Corporación Municipal.

O Sr. Alcalde, di que por parte do Goberno Central rompeuse o acordo ao que chegou co Goberno bipartito da Xunta de Galicia no ano 2008 para a financiación do P.E.I.M. Rural 2009/2010 e que no caso de Paradela supón unha redución dos cento catro mil euros previstos aos trinta e catro mil euros nos que se quedan.

A continuación o Sr. Alcalde procede a dar lectura a Moción co seguinte tenor literal:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao amparo do desposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvimos na seguinte:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Consellería do Medio Rural elaborou un Programa de Infraestruturas no Medio Rural para os anos 2009-2010, denominado P.E.I.M. Rural 2009/2010 (Proxectos Estratéxicos de Infraestruturas no Medio rural), que tiña como finalidade a realización de investimentos en servizos básicos para a poboación rural.

A dotación para a realización destes investimentos é de 55,5 millóns de euros distribuídos en 27 para o ano 2009 e 28,5 para o 2010, financiándose nas dúas terceiras partes polo Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino (en adiante Ministerio), e pola Xunta de Galiza o terzo restante.

A situación grave que se está a producir no PEIM do 2010 é que a parte da Xunta de Galicia (9,5 millóns) está presupostada e desposta para comprometer e executar, e sen embargo, o Ministerio nin presupostou os 19 millóns de euros que lle correspondía como compromiso nin temos coñecemento que teña vontade de facelo.

Dadas as necesidades en infraestruturas do medio rural que ten o noso concello, compre que tanto a Xunta de Galicia como o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino cumpran os seus compromisos, xa que do contrario se estaría causando un grave prexuízo aos veciños/as do noso Concello e ao desenvolvemento do rural en xeral.

Por todo iso, o Grupo Municipal do Partido Popular somete para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación as seguintes:

**PROPOSTAS DE ACORDO:**

**PRIMEIRA:** Instar á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino a cumprir as obrigas e compromisos adquiridos no PEIM Rural 2009/2010, de tal xeito que con cargo aos seus respectivos Orzamentos de 2010 a Xunta aporte 9,5 millóns de euros e o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino 19 millóns de euros, o que permitirá que a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia poida proceder á licitación, contratación e execución das obras que benefician a este Concello na anualidade de 2010 e polo importe que o goberno bipartito da Xunta de Galicia xa comunicara no seu momento.

**SEGUNDO:** Dar traslado destes acordos á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino.”

Procédese a someter a votación, a Moción, que resulta aprobada pola maioría absoluta do número legal de membros, cos votos a favor do seis membros do Grupo Municipal Popular e a abstención dos catro membros do Grupo Municipal Socialista.

**7º. ROGOS E PREGUNTAS.**

Toma a palabra o Concelleiro do Grupo municipal Socialista, D. Guillermo Castro González, preguntando canto financia o Xacobeo a festa de Castro de Rei.

O Sr. Alcalde resposta que coa orquestra Panorama, xa que hai unha relación de grupos coas que o Xacobeo ten convenio, e a única orquestara deste tipo que se atopa nesta situación é a mencionada.

**FOLLA N° 11**

Toma a palabra a Concelleira do Grupo Municipal Socialista, D<sup>a</sup> Sonsoles López, preguntando sobre o cambio de datas da festa de Paradela.

O Sr. Alcalde, resposta que non recibiu consulta algunha, e foi unha irresponsabilidade total, porque conlevou entre outros o cambio de data da Festa dos Abuelos, o enfado dos veciños de Laxe por coincidir coa súa festa.

**E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as doce horas e corenta minutos do vinte e dous de setembro de dous mil dez, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.**

**Visto e prace  
O Alcalde**

**O Secretario-Interventor**